

CURSO OFICIAL

MONITOR/A DE TIEMPO LIBRE

Titulación Oficial Xunta de Galicia

EDICIÓN INTENSIVA MAÑANAS
LUNES A VIERNES
200 HORAS TEÓRICAS / 150 HORAS PRÁCTICAS

FECHAS FASE TEÓRICA
DEL 16 DE OCTUBRE AL 30 DE NOVIEMBRE

LUGAR DE REALIZACIÓN
Escuela Oficial de Tiempo Libre Xirxilar

HORARIO:
Lunes a Viernes de 8:00 a 14:00

INFORMACIÓN

Escuela de Tiempo Libre XIRXILAR
Ramón y Cajal nº6 bajo 32001 Ourense
988 22 33 77 / 638 581 726
www.xirxilar.com
xirxilar@xirxilar.com
<https://www.facebook.com/escolatempolibrexirxilar>

220 €*


*Consulta descuentos



* 15% descuento matrícula dos personas

** Plazo de matrícula aberto hasta cubrir plazas por orden de inscripción





MONITOR DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

1. OBXECTIVOS:

OBXECTIVO XERAL:

- Adquirir a formación necesaria para desenvolver actividades socio – culturais e recreativas no medio urbano e natural.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Analizar o contexto educativo da animación sociocultural, as súas características e o papel que desempeña dentro da educación en xeral.
- Ubicar o monitor de tempo libre dentro da animación sociocultural, definindo a súa funcionalidade e facendo a distinción cos animadores e demais axentes educativos.
- Adquirir cocementos, habilidades, e destrezas para actuar como monitores de tempo libre.
- Adquirir aprendizaxes precisos para deseñar e programar actividades de ocio e tempo libre.
- Coñecer técnicas e recursos formativos que faciliten a actuación do monitor de tempo libre no campo da animación sociocultural.

2. DESENVOLVEMENTO FORMATIVO DO CURSO:

A duración do curso de Monitor de actividades de tempo libre, conforme a normativa vixente, será de 200 horas de formación teórico práctica e 150 horas prácticas.

A fase teórica desenvolverá os seguintes contidos:

BLOQUE TEMÁTICO 1. (45 HORAS)

A. ÁREA DE PSICOLOXÍA

Obxectivos:

- Coñecer o desenvolvemento psicosocial e evolutivo da persoa, en especial, na infancia, adolescencia e xuventude.
- Destacar as principais características dos diferentes grupos de idade, a fin de establecer a axeitada actuación do monitor ás súas características específicas.
- Analizar os posibles roles no grupo, incluíndo o do monitor como responsable da actividade.

Contidos:

1. Psicoloxía

- Concepto de campos de aplicación da psicoloxía
- Psicoloxía evolutiva: estudo das características de cada etapa evolutiva
- O proceso de socialización: o xogo como elemento socializador

2. O grupo. Tipoloxía e organización. Dinámica de grupos

- Roles dun grupo
- Características fundamentais dos grupos infantís e xuvenís
- Liderado
- Técnicas de animación de grupos
- Técnicas de resolución de conflitos
- O traballo en equipo

3. Socioloxía

- Lecer e tempo libre: características, funcións e modalidades.
- Dimensións no ámbito vital da persoa e as súas diferentes etapas evolutivas
- Aproximación ó estudo do medio social galego. O medio urbano. O medio rural. Características e posibilidades de actuación.
- Educación no tempo libre e inserción na cultura de Galicia.
- Coñecementos culturais, xeográficos, folclóricos, socio- políticos e económicos de Galicia.
- Importancia da prevención e asistencia primaria: intervención desde o tempo libre.

B. ÁREA DA EDUCACIÓN E O TEMPO LIBRE: METODOLOXÍA

Obxectivos:

- Analizar o papel da animación o ámbito do ocio e o tempo libre para convertelo nun tempo educativo, creativo, participativo, lúdico e de expresión.
- Coñecer o perfil e as funcións do monitor de tempo libre, diferenciándoo dos demais axentes educativos que interveñen na animación sociocultural.

- Diferenciar os diversos contextos sociais onde o monitor pode desenvolver a súa actividade.
- Coñecer como se programa unha actividade educativa de tempo libre.
- Deseñar actividades educativas de tempo libre.

Contidos:

1. A educación no tempo libre.
2. Conceptos fundamentais da pedagogía.
3. Necesidades educativas especiais no tempo libre. Inadaptación e marxinação.
4. Bases do proxecto formativo. Principios educativos.
5. Educación en valores.
6. Metodoloxía de programación. Fases na elaboración do programa.
7. O xogo como instrumento didáctico na educación no tempo libre.
8. O educador de tempo libre: aspectos psicolóxicos, sociolóxicos e pedagóxicos.
9. A colaboración na escola.

BLOQUE TEMÁTICO 2. (65 HORAS)

A. ÁREA DE ANIMACIÓN. AS TÉCNICAS

Obxectivos:

- Dotar ós participantes de técnicas de campismo e aire libre.
- Coñecer o uso que a animación sociocultural pode realizar dos diferentes recursos de expresión globalizada: expresión dramática, expresión visual, expresión verbal, e expresión musical.

Contidos:

1. A animación: concepto e uso da animación no tempo libre.
2. O xogo. Tipoloxía de xogos
3. Serás e lumes de acampadas.
4. Introducción ás técnicas de expresión e comunicación:
 - Expresión literaria.

- Expresión musical.
- Expresión dramática: corporal e oral
- Expresión plástica

5. Medios audiovisuais

6. Animación deportiva

BLOQUE TEMÁTICO 3. (35 HORAS LECTIVAS)

A. ÁREA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E NATUREZA

Obxectivos:

- Analizar as características propias do medio rural e do medio natural como ámbito de intervención sociocultural.

Contidos:

1. Introducción á educación ambiental.

- O concepto de medio e natureza.
- Problemática e alternativas.
- Medio e natureza en Galicia.
- Bases para o estudo de itinerarios nos ecosistemas galegos, con especial atención ós propios dos itinerarios elixidos para o curso. Utilización didáctica deles.
- Os itinerarios de interpretación ambiental na práctica.
- Xogos de educación ambiental.

2. Técnicas de campismo e excursionismo

- A marcha
- Orientación. Xogos de orientación.
- Introducción a metereoloxía.
- Topografía e cartografía
- Técnicas de acampada

BLOQUE TEMÁTICO 4. (30 HORAS)

A. ÁREA DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Obxectivos:

- Sentar as bases fundamentais da educación para a saúde que facilite a ubicación, capacitación e responsabilidade do educador.
- Adquirir técnicas e recursos para traballar a educación na saúde.
- Aprender a deseñar programas para incidir na alimentación, nutrición, seguridade e hixiene, educación sexual e seguridade vial.
- Dotar os asistentes de coñecementos básicos de socorrismo e primeiros auxilios.

Contidos:

1. A hixiene e a sanidade nas actividades de tempo libre.
2. Aspectos sanitarios nas actividades de tempo libre.
3. Prevención das drogodependencias.
4. Socorrismo e primeiros auxilios.
5. Alimentación e nutrición
6. Sexualidade
7. Seguridade e hixiene

BLOQUE TEMÁTICO 5. (25 HORAS)

A. ÁREA DE ORGANIZACIÓN E RECURSOS

Obxectivos:

- Adquirir os coñecementos esenciais para a legalización de asociacións xuvenís e culturais.
- Coñecer os diferentes recursos e equipamentos para a intervención social.
- Analizar os programas de intervención sociocultural no ámbito local e da Comunidade autónoma de Galicia.
- Examinar e profundizar sobre algúns recursos específicos para a animación.

Contidos:

1. Lexislación

- As escolas e titulacións de tempo libre.
- Responsabilidade civil do monitor. Seguros.
- Asociacionismo xuvenil.

2. Recursos e axudas

- Recursos e axudas públicas. Subvencións, convenios e protocolos: tipos e tramitación.
- Recursos socioculturais: patrimonio histórico – etnolóxico, artístico – folclórico.

3. Redes de información xuvenil

- Centros e puntos de información
- Revistas, boletíns e publicacións
- O información xuvenil
- Dinamización da información

Fase Práctica:

A fase práctica terá unha duración de 150 horas e debe ser realizada nun prazo de dous anos unha vez remate o curso. Dende Xirxilar facilitaremos a realización de ditas prácticas.

Requisitos de acceso:

Para poder acceder o curso é preciso:

- Ter cumpridos os 18 anos
- Estar en posesión de:
 - o Graduado en educación secundaria, graduado escolar ou outro equivalente.
 - o Técnico auxiliar en formación profesional ou outro equivalente.

Temporalización:

O curso desenvolverase do 16 de outubro o 30 de novembro de 2017, de luns a venres.

Horario: 8:00 a 14:00 a excepción dos días 28, 29 e 30 de novembro en que o horario será de 8 a 15.

Non serán lectivos os días 12 de outubro e 1 de novembro.